

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 13 DE XULLO DE 2015.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:


D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 27 DE DATA 6 DE XULLO DE 2015.

Acordouse aprobar a acta núm. 27/2015 de 6 de xullo de 2015, da sesión ordinaria celebrada pola Xunta de Goberno Local e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZAS DE OBRAS.

2.1.-Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para rehabilitación de cuberta dun inmovible na travesía Regueiriño, 12 – Lalín, e aprobar a liquidación



Secretaría Xeral

practicada pola Intervención municipal de data 25/06/15 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 498,93 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

3.- LICENZAS DE ACTIVIDADE CON LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

3.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE ACTIVIDADE E LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN para perruquería na Avda. de Cruces, 24-26, baixo - Lalín** e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 11/06/15 en concepto de taxa por licenza de primeira ocupación por importe de 130 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

4.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

4.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE ACTIVIDADE para ampliación de explotación de vacún en Montrigo - Cangas – Lalín.**

5.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

5.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE SEGREGACIÓN da finca con referencia catastral 8403604NH6280S0001PX, sita en Vilar, Soutolongo – Lalín.**

6.- COMUNICACIÓN PREVIAS DE OBRAS.

6.1.- Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para colocación de tella cerámica curva na rúa Principal, 18 – Lalín** e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal, de data 10/06/15, por importe de de 114 euros, en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe. Igualmente, consta a constitución de fianza, na Tesourería Municipal, por importe de 1.350 euros en data 11/06/15.

6.2.- Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para construción dun cerramento da finca con referencia catastral polígono 61 e parcela 254, sita preto do lugar de Bailás, Goiás – Lalín** e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 12/06/15 por importe de de 152,76 euros en concepto de



Secretaría Xeral

ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

7.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE ACTIVIDADE.

7.1.- Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE** para estación base de telefonía móbil, na finca con referencia catastral polígono 296, parcela 335, en Zobra – Lalín.

7.2.- Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE** para estación base de telefonía móbil, na finca con referencia catastral polígono 282, parcela 287, en Balagosa - Vilatuxe – Lalín.

7.3.- Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE** para estación base de telefonía móbil na finca con referencia catastral polígono 138, parcela 167, en Alperiz – Lalín.

8.- COMUNICACIÓNS PREVIAS CAMBIO DE TITULARIDADE.

8.1.- Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE** respecto da actividade de perruquería sita na Avda. Luís González Taboada, 3 - entreplanta – Lalín.

9.- INFORMES PREVIOS.

9.1.- Acordouse aprobar o informe técnico de data 29/05/2015 en relación á solicitude de licenza para reposición de cuberta e consolidación de edificación na Laxe, s/n - Bendoiro – Lalín, e remitir o expediente completo ao Comité Asesor do Camiño de Santiago da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para os efectos dispostos no artigo 16 da Lei 3/1996, de 10 de maio, de protección dos tramos dos Camiños de Santiago da Comunidade Autónoma de Galicia.

10.- ALTAS EN AUGA E SANEAMENTO.

Acordouse autorizar 27 solicitudes de **acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador**, presentadas pola empresa concesionaria do Servizo



Secretaría Xeral

Municipal de Augas, ESPINA Y DELFÍN S.L., así como a formalización dos correspondentes contratos.

11.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

11.1.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado **“SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN, PINTURA, SINALIZACIÓN E FERRETERÍA” (CSE012015), dividido en catro lotes: Lote núm. 1: Sinalización vial; Lote núm. 2: Pinturas e accesorios; Lote núm. 3: Material de construción; Lote núm. 4: Material de ferretería,** mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración, con orzamento máximo de licitación, para os catro lotes, de 40.000,00 €, máis a partida de 8.400,00 € correspondente ao IVE e un prazo de execución de 2 anos, prorrogables por outros 2 anos máis, aprobar o expediente de contratación, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e os seus Anexos e o Prego de Prescricións Técnicas e incorporar os devanditos documentos ao expediente e autorizar o gasto por importe de 40.000,00 €, máis a partida de 8.400,00 € correspondente ao IVE para os catro lotes con cargo á aplicación orzamentaria 1531.21000 e 1532.000.

11.2.- Acordouse aprobar o Plan de Obras da obra denominada **“ACONDICIONAMENTO NOS CENTROS SOCIAIS DE MUIMENTA, LOSÓN E LODEIRO (PPOS/2015)** presentado pola empresa contratista **CONSTRUCCIONES RAFER, S.L.**

12.- Acordouse **desestimar o recurso de reposición** formulado por interesado solicitando a suspensión da liquidación do canon do parque eólico singular de Lalín correspondente ao segundo semestre do ano 2014 emitida polo Concello de Lalín, por falta de fundamentación do prexuízo económico alegado e falta de garantías para considerar a suspensión automática.

13.- CONVENIOS ADMINISTRATIVOS.

13.1.- Acordouse prorrogar por un ano o período de vixencia do convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e a Deputación de Pontevedra para a posta en marcha dunha oficina de Centro Provincial de Asesoramento Empresarial (CPAE 2.0)”, dende o 1º de xullo de 2015 ao 30 de xuño de 2016.



14.- LICENZAS PARA USO DE ESPAZOS DE USO PÚBLICO.

14.1.- Acordouse **autorizar o uso das instalacións** do Albergue “*Vicente Agulló*” de Mouriscade para o día 18 de xullo de 2015, para poder facer unha comida familiar, responsabilizándose das instalacións sin causar dano algún.

15.- FACTURAS E CONTAS.

Acordouse aprobar e declarar de abono facturas polos importes totais de **125.910, 94 euros e 605 euros.**

16.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

Visto o informe favorable emitido para o efecto, pola Intervención municipal, a **Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acordou aprobar as seguintes certificacións de obra:**

16.1.- Acordouse aprobar a certificación de obra núm. un “**ACONDICIONAMENTO DO ESPAZO DE ACCESO NO CEIP XESÚS GOLMAR**” presentada pola entidade **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L.** cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **0,00 €.**

17.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

17.1.- Acordouse **OUTORGAR LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS** para a celebración de festa ao aire libre en Belelle - Catasós, o día 18 de xullo de 2015.

17.2.- Acordouse aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Dependencia, correspondente ao mes de XUÑO de 2015, recoñecer dereitos polo importe de 5.952,56 € e probar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L. relativa ao Servizo de Axuda no Fogar na modalidade Dependencia, prestado durante o mes de XUÑO do presente ano, que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 27.192,79 €.



Secretaría Xeral

17.3.- Acordouse aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrenca, correspondente ao mes de XUÑO de 2015, recoñecer dereitos polo importe de 918,40 € e aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L. relativa ao Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrenca, prestado durante o mes de XUÑO do presente ano, que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 5.883,68 €.

17.4.- Acordouse traspasar o importe de 275,39 €, correspondentes ao ingreso neste Concello como consecuencia da recaudación en vía executiva polo ORAL das cantidades adebedadas, á concesionaria do Servizo municipal de Augas do Concello de Lalín.

17.5.- Acordouse aprobar o Convenio de adhesión á programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios e desenvolver no Salón Teatro de Lalín durante o segundo semestre de 2015, autorizar a Dona Teresa Varela Fisteus, en representación do Concello de Lalín para a sinatura do devandito convenio coa Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), e autorizar o gasto por importe de 4.927,73 euros.

17.6.- Acordouse aprobar un **alta e unha baixa no programa de Xantar.**

17.7.- Acordouse a **extinción do Servizo de Axuda no Fogar** para un usuario por Ingreso en Centro Residencial.

17.8.- Acordouse **aprobar as bases para a concesión de bolsas complementarias ao estudo. Curso 2015/2016** e autorizar gasto por importe de 18.000 euros.

17.9.- Acordouse aprobar a concesión de cinco axudas de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade polos importes de 159,01 €, 159,37 €, 110,51 € e 107,61 €.

17.10.- Acordouse aprobar a **adhesión ao Acordo Marco de colaboración MINHAP-FEMP que facilita o desenvolvemento da Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno nas Entidades Locais**, para poder formalizar electronicamente a súa adhesión a través dos medios que a AGE e a través da Dirección de Tecnoloxías de la Información y las Comunicaciones (DTIC) e autorizar a D. Tomás Vilariño Fidalgo, como Concelleiro de Novas Tecnoloxías, en representación do Concello de Lalín, á elección de responsábeis funcionais e técnicos.

17.11.- Acordouse amosar o apoio expreso do goberno municipal en nome do



Secretaría Xeral

Concello de Lalín ao sector lácteo, e deixar constancia da súa adhesión á Plataforma en Defensa do Sector Lácteo, sumarse ás mobilizacións co obxecto de facer patente e visible o apoio institucional do Concello aos gandeiros da comarca e aos milleiros de veciñas e veciños cuxa actividade económica depende directa ou indirectamente deste sector e poñer a disposición dos gandeiros e dos veciños de Lalín cantos medios sexan necesarios para que, quen así o decida, poida acudir a esta mobilización. En concreto, a Xunta de Goberno acorda poñer a disposición dos manifestantes dentro das súas posibilidades orzamentarias, 2 autobuses que sairán dos lugares indicados polos representantes das organizacións agrarias ás 10.30 da mañá do venres, 17 de xullo.

18.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

18.1.- Acordouse acceder á **baixa para o ano 2015** na Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase do vado permanente nº de placa 544.


18.2.- Acordouse acceder ao **cambio de titularidade** na TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE en relación ao vado permanente con placa nº 624.

18.3.- Acordouse conceder **autorización municipal para a celebración de concertos no espazo situado na rúa Colón**, dende a entrada para os taxis (a altura da *Librería Dalvi*, máis ou menos) ata o final da zona peonil (á altura da zapatería que fai esquina), así como na terraza ou praza das “pipas” ou praza “Da Torre”-Lalín, os días 15 de xullo de 2015 en horario de 22:30 ás 23:50 e 16 de xullo de 2015 en horario de 22:30 horas a 23:50 horas.

18.4.- Acordouse conceder **autorización municipal para o uso do Salón Teatro** (ao lado do Auditorio de Lalín) o día 15 de outubro dende as 20:30 horas ata ás 22:30 aproximadamente para proxectar o documental “**Tesouro de Corcoesto**”.

18.5.- Douse conta do traspaso do contrato de subministro eléctrico que o Concello de Lalín ten coa empresa Hidroeléctrica de Silleda, S.L., de xeito que o Concello deixará de abonar o dito subministro.





Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

18.6.- Acordouse conceder **autorización para o uso dunha sala no Museo Ramón María Aller Ulloa** para o xoves día 16 de xullo de 2015, en horario de 19:30 ás 22:30 horas, para realizar unha charla coloquio sobre o TTIP (Tratado Transatlántico de Comercio e Investimentos).

=====

